

ESTATUTOS  
DA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS  
DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN  
(AGPTI)

## CAPÍTULO PRIMEIRO

### Da asociación en xeral

#### Artigo 1.º

No municipio de Vigo, provincia de Pontevedra, constitúese unha asociación coa denominación ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI), que se ha rexer pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

#### Artigo 2.º

Os fins e actividades da asociación son:

- a) Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- b) Promover o uso da lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- c) Proporcionarlles ás/aos profesionais da tradución e interpretación posibilidades de formación continuada non formal.
- d) Proporcionarlles un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da tradución e da interpretación.
- e) Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da tradución e da interpretación poidan precisar.
- f) Organizar actividades formativas, divulgativas e culturais relativas á profesión.
- g) Promover hábitos saudables no lugar de traballo e a adopción de medidas de protección fronte aos riscos laborais.
- h) Fortalecer e consolidar a participación social e a calidade de vida das mulleres.
- i) Promover a igualdade entre mulleres e homes, particularmente nos ámbitos laboral e profesional.
- l) Propiciar as relacións con outras asociacións de profesionais da tradución e da interpretación, así como coas institucións relacionadas con estas actividades.
- m) A asociación non ten fins lucrativos.

## Artigo 3.º

O domicilio social da asociación radicará na rúa Manuel Gutiérrez Mellado, número 10, no concello de Santa Cruz-Oleiros, código postal 15179. Teléfono: 698 150 322, enderezo electrónico [info@agpti.org](mailto:info@agpti.org) e páxina de Internet [www.agpti.org](http://www.agpti.org).

## Artigo 4.º

A asociación desenvolverá as súas actividades no ámbito territorial de Galicia, terá duración indefinida e só se disolverá por acordo da asemblea xeral extraordinaria ou calquera causa prevista nas leis.

## Artigo 5.º

A xunta directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos recollidos nos estatutos, mais someterase sempre á normativa legal vixente en materia de asociacións. Os presentes estatutos levaranse á práctica e cumpriranse mediante o acordo que de xeito válido acorden a xunta directiva e a asemblea xeral, dentro das súas respectivas competencias.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### Dos órganos directivos e da forma de administración

## Artigo 6.º

A dirección e a administración da asociación exerceranas a/o presidenta/e, a xunta directiva e a asemblea xeral.

## Artigo 7.º

A/O presidenta/e da asociación asume a representación legal da devandita e executará os acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral. Tamén presidirá as sesións que estas celebren.

## Artigo 8.º

A xunta directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da asociación, de acordo coas disposicións e directivas da asemblea xeral. Estará formada por unha/un presidenta/e, unha/un vicepresidenta/e, unha/un secretaria/o, unha/un tesoureira/o e, como mínimo, dúas/dous vogais.

Só poderán formar parte da xunta directiva aquelas persoas que teñan a condición de socias/os de pleno dereito, que sexan maiores de idade, teñan o pleno uso dos dereitos civís e non estean incursas/os nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

## Artigo 9.º

Os cargos que compoñen a xunta directiva serán elixidos pola asemblea.

Os cargos da xunta directiva serán gratuítos e durarán un período de dous anos, aínda que poderán ser obxecto de reelección. No caso de vacante dalgún dos cargos e, en todo caso, no non previsto ao respecto nestes estatutos, a xunta directiva poderá nomear provisionalmente a persoa que estime axeitada, ata a nova elección de cargos.

Os cargos da xunta directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, por incumprimento das obrigas que teñan encomendadas ou por renuncia voluntaria comunicada por escrito á xunta directiva.

Os cargos da xunta directiva que esgotasen o prazo para o cal foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación daquelas/es asociadas/os que os substitúan.

## Artigo 10.º

É función da xunta directiva programar e dirixir as actividades sociais e levar a xestión administrativa e económica da asociación, someter á aprobación da asemblea xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior. Así mesmo, a xunta directiva terá potestade, sen necesidade de convocar asemblea extraordinaria, para expulsar a membros da asociación sempre que o motivo sexa o non-pagamento das cotas.

## Artigo 11.º

A xunta directiva celebrará as súas sesións tantas veces como determine a/o presidenta/e, por iniciativa propia ou a petición de calquera das/os súas/seus compoñentes. Será presidida pola/o presidenta/e e, na súa ausencia, pola/o vicepresidenta/e ou a/o secretaria/o, por esta orde.

Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberanse adoptar por maioría de votos das/os asistentes. Será necesaria, polo menos, a concurrencia de catro dos seus membros. A/O secretaria/o ou, no seu defecto, a/o vicesecretaria/o, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

## Artigo 12.º

Crearanse comisións co fin de delegar nelas certas funcións concretas ou de conseguir información que sexa necesaria. As posibles comisións que a xunta directiva acorde constituír contarán preferiblemente, cun mínimo dun membro da xunta directiva.

## Artigo 13.º

A/O presidenta/e da xunta directiva terá, ademais das facultades asignadas no artigo 7, as seguintes atribucións:

- a) Convocar e levantar as sesións que celebren a xunta directiva e a asemblea xeral.
- b) Dirixir as deliberacións dos dous órganos anteditos e decidir co voto de calidade no caso de empate.
- c) Propoñer o plano de actividades da asociación á xunta directiva, así como impulsar e dirixir as tarefas desta.
- d) Ordenar os pagamentos acordados de xeito válido.

A/O presidenta/e estará asistida/o nas súas funcións pola/o vicepresidenta/e, que ademais a/o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Calquera traballo administrativo de calquera membro da xunta directiva poderá delegarse na eventual figura dunha persoa contratada pola asociación para desempeñar labores administrativos.

## Artigo 14.º

A/O secretaria/o recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso e levará o ficheiro e o libro de rexistro dos socios/os. Á/Ao secretaria/o correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Redactar as actas, a memoria anual de actividades da asociación, a correspondencia e comunicacións oficiais, dirixir os traballos administrativos da asociación, á excepción dos que se acorde delegar na eventual figura dunha persoa contratada pola asociación para desempeñar labores administrativos, e levar o arquivo e custodia da documentación.
- b) Expedir certificacións, co visto e praxe da/o presidenta/e, ademais de legalizar a sinatura de asociadas/os.

## Artigo 15.º

A/O tesoureira/o recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a/o presidenta/e. Do mesmo xeito, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que se deben presentar á xunta directiva para que esta, á súa vez, os someta á aprobación da asemblea xeral. Terá ademais potestade para asinar as facturas que emita a asociación.

## Artigo 16.º

Cada unha/un das/os compoñentes da xunta directiva terá os deberes propios do seu cargo, así como os derivados das delegacións ou comisións que a propia xunta cree. A/O secretaria/o velará polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de asociacións. Así, custodiará a documentación oficial da entidade e fará que se cursen nas instancias administrativas correspondentes as comunicacións sobre designación da xunta directiva, celebración de asembleas xerais, cambios de domicilio, formalización do estado de contas e aprobación dos presupostos anuais.

## Artigo 17.º

A asemblea xeral, integrada por todas/os as/os socias/os, é o órgano supremo da asociación e reunirse sempre que o acorde a xunta directiva, por iniciativa propia ou porque o acorde a décima parte das/os súas/seus socias/os.

A asemblea xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria obrigatoriamente unha vez ao ano para aprobar o plano xeral de actuación da asociación; censurar a xestión da xunta directiva; aprobar, no seu caso, os presupostos anuais de ingresos e gastos e o estado das contas correspondentes ao ano anterior e atender a cantos outros temas se sometan a votación no capítulo de rogos e preguntas.

## Artigo 18.º

A asemblea xeral convocarase pola xunta directiva, con carácter extraordinario, cando o esixan as disposicións vixentes, o acorden os membros da xunta directiva ou o solicite un número de asociados non inferior ao 10 por 100, e en todo o caso para a modificación dos estatutos, así como para elixir os membros da xunta directiva, para a disposición ou alleamento de bens, para a determinación das retribucións dos membros da xunta directiva, para a disolución da asociación, para a expulsión de asociados a proposta da xunta directiva, para a aprobación do regulamento de réxime interno da asociación e para a solicitude da Declaración de Utilidade Pública. Tamén é da súa competencia a Constitución de Federacións, Confederacións ou Unións ou a súa integración nelas.

## Artigo 19.º

As convocatorias de asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, faranse por escrito, con mención expresa do lugar, data e hora da reunión, así como da orde do día. Entre a primeira convocatoria e o día da reunión haberán de mediar polo menos corenta e oito horas, e entre a primeira convocatoria e a segunda, polo menos media hora.

## Artigo 20.º

As asembleas xerais ordinarias ou extraordinarias quedarán constituídas de xeito válido en primeira convocatoria cando concorran a elas a maioría das/os asociadas/os de xeito presente, e na segunda cando se presente unha décima parte das/os asociadas/os concorrentes.

## Artigo 21.º

Os acordos das asembleas xerais ordinarias adoptaranse por maioría simple das/os socias/os presentes. Nas asembleas xerais extraordinarias serán válidos, coa maioría cualificada de dúas terceiras partes das/os socias/os presentes ou representadas/os na devandita asemblea, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos estatutos, disposición ou alleamento de bens e remuneración dos membros do órgano de representación.

## Artigo 22.º

A asociación disporá dunha relación actualizada dos seus asociados, levará unha contabilidade que reflicta a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun libro de actas as reunións da asemblea xeral e da xunta directiva.

## CAPÍTULO TERCEIRO

### Das/os socias/os, dereitos e obrigas

## Artigo 23.º

As persoas que desexen pertencer á asociación deberán remitir a súa solicitude á secretaría cubrindo o pertinente formulario que se lles facilite, ademais de achegar os documentos xustificativos necesarios consonte o artigo 25.º dos presentes estatutos.

Correspóndelle á presidencia resolver a admisión ou rexeitamento da persoa solicitante, con recurso ante a asemblea xeral.

## Artigo 24.º

A asociación integrarana cinco tipos de socias/os nos diferentes réximes que deseguido se detallan:

- a) Profesionais (socias/os de pleno dereito)
- b) Tituladas/os
- c) Estudantes
- d) Convidadas/os:
- e) Socias/os de honra (socias/os de pleno dereito): por proposta da xunta directiva da asociación, con base na traxectoria da persoa no ámbito da tradución ou interpretación ou na defensa do noso sector.

## Artigo 25.º

Os requisitos de admisión das/os socias/os son diferentes para cada un dos tipos anteriormente citados:

- a) Profesionais:
  - seren persoas físicas con capacidade de obrar e maiores de dezaioito anos;
  - estaren dadas de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) como profesionais autónomas na epígrafe correspondente á actividade de tradución e/ou interpretación, así como na correspondente epígrafe da Seguridade Social (ou os correspondentes noutros países), ou ben contaren cun contrato laboral como tradutor/a ou intérprete ou un en que os labores de tradución e interpretación sexan preeminentes.
  - As/os socias/os profesionais son socias de pleno dereito.
- b) Tituladas/os:
  - seren persoas físicas con capacidade de obrar e maiores de dezaioito anos;
  - posúiren un título oficial de estudos superiores (graos, mestrados, títulos propios ou programas de doutoramento) directamente relacionados coa tradución ou a interpretación (no caso de tratarse dunha titulación emitida por unha institución estranxeira, o caso deberá ser avaliado especificamente pola xunta directiva), ou ben seren persoal docente ou investigador adscrito a programas, departamentos ou facultades de tradución e interpretación.
- c) Estudantes:
  - seren persoas físicas con capacidade de obrar e maiores de dezaioito anos;
  - estaren cursando en centros educativos oficiais de calquera parte do mundo estudos superiores (graos, mestrados, títulos propios ou programas de doutoramento) directamente relacionados coa tradución ou a interpretación.



d) Socias/os convidadas/os:

- seren persoas físicas ou xurídicas, as primeiras con capacidade de obrar e maiores de dezaioito anos;
- estaren vinculadas dalgunha maneira ao mundo da tradución e interpretación en Galicia.
- A proposta deberá realizala e ratificala a xunta directiva, por considerar que poden ter un papel de apoio ás actividades da asociación.

e) Socias/os de honra:

- seren persoas físicas ou xurídicas, as primeiras con capacidade de obrar e maiores de dezaioito anos.

A proposta deberá realizala e ratificala a xunta directiva, por considerar digna de recoñecemento a súa traxectoria na asociación ou en favor da profesión.

## Artigo 26.º

As/Os socias/os de calquera réxime poderán solicitar a baixa da asociación voluntariamente, pero isto non as/os eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela.

A xunta directiva poderá separar da asociación aquelas/es socias/os que cometan actos que as/os fagan indignas/os de seguir pertencendo a ela, en especial polos motivos que de seguido se especifican:

- a) Malversación de fondos da asociación.
- b) Utilización de datos confidenciais depositados á asociación para beneficio propio.

A separación irá precedida de expediente no que deberá ser oída/o a/o interesada/o e poderá presentarse recurso contra a decisión da xunta directiva na primeira asemblea xeral que se celebre.

## Artigo 27.º

Os membros da asociación, segundo o réxime ao que pertencen, terán os seguintes dereitos:

- a) Socias/os de pleno dereito (socias profesionais):
  - A voz e voto nas asembleas xerais da asociación.
  - A ser nomeadas/os membros da xunta directiva.
  - A posuír un exemplar dos estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
  - A formar parte e/ou responsabilizarse das comisións que a xunta directiva teña a ben designar.
  - A coñecer o estado de contas e dos ingresos e gastos da asociación todos os anos.

- Á baixa voluntaria.
  - A figurar no buscador de profesionais do sitio web da asociación.
  - A ter acceso ás ofertas de traballo para profesionais que cheguen á asociación.
- b) Socias/os tituladas/os e estudantes:
- A voz (pero non a voto) nas asembleas xerais.
  - A formar parte das comisións que a xunta directiva teña a ben designar.
  - A posuír un exemplar dos estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
  - A coñecer o estado de contas e dos ingresos e gastos da asociación todos os anos.
  - Á baixa voluntaria.
  - A recibir ofertas orientadas á adquisición de formación e experiencia profesional.
- c) Socias/os convidadas/os e socias/os de honra:
- A voz (pero non a voto) nas asembleas xerais.
  - A formar parte das comisións que a xunta directiva teña a ben designar.
  - A posuír un exemplar dos estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
  - A coñecer o estado de contas e dos ingresos e gastos da asociación todos os anos.
  - Á baixa voluntaria.
  - A categoría non ten unha cota asociada.

## Artigo 28.º

As/Os socias/os poderán ser sancionadas/os pola xunta directiva por infrinxir reiteradamente os presentes estatutos ou os acordos da asemblea xeral ou da xunta directiva. As sancións poden comprender dende a suspensión dos seus dereitos durante un mes ata a separación definitiva da asociación, nos termos que prevé o artigo 25.

## Artigo 29.º

Serán obrigas de todas as/os socias/os, independentemente da súa categoría:

- a) Acatar os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados pola asemblea xeral.
- b) Aboar as cotas periódicas acordadas pola asemblea xeral.
- c) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ao cargo que desempeñen.

## CAPÍTULO CUARTO

### Do réxime económico

#### Artigo 30.º

A asociación carece de patrimonio ao constituírse e o límite máximo do seu presuposto anual será indeterminado.

#### Artigo 31.º

A data de peche do exercicio económico da asociación será o 31 de decembro e as contas da asociación serán aprobadas anualmente pola asemblea xeral.

#### Artigo 32.º

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das súas actividades serán os seguintes:

- a) As cotas periódicas que determine a asemblea xeral. As/os socias/os que teñan a cota domiciliada cuxo recibo sexa devolto deberán asumir os custos da devolución.
- b) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poida percibir de forma legal.
- c) Os ingresos que obteña a asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a xunta directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.

#### Artigo 33.º

A administración dos fondos da asociación levarase a cabo coa publicidade suficiente de xeito que permita a correspondente información e intervención, a fin de que todas as/os socias/os poidan ter coñecemento periódico do destino dos fondos da asociación.

#### Artigo 34.º

No caso de se disolver a asociación, a asemblea xeral que acorde tal decisión nomeará a Comisión Liquidadora, composta por cinco membros, que se fará cargo dos fondos que existan para que, unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se existise, se entregue a calquera entidade legalmente constituída, con domicilio nesta comunidade autónoma, que se dedique a iguais ou no seu defecto análogos fins ou a unha entidade benéfica

## CAPÍTULO QUINTO

### Da extinción e liquidación da asociación

#### Artigo 35.º

A extinción da asociación requirirá o acordo unánime dos seus membros adoptado en xunta xeral convocada ao efecto. A liquidación levarase a cabo conforme ás disposicións legais vixentes e prescricións contidas no acordo de disolución adoptado pola xunta xeral a que se refire o parágrafo anterior.

En proba e conformidade co presente proxecto de Estatutos, asinan todos os membros constituíntes da asociación que se propón.